



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TRABALLADOR/AS SOCIAIS

Celebrada o segundo exercicio con data do 18 de decembro, conforme ao disposto nas bases específicas da convocatoria aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local 8/8, do 2 de Xaneiro de 2019 (BOP núm.50 do 28-02-2019) e de conformidade co disposto no art.25 g) da Instrucción de funcionamento dos órganos de Selección do Concello de Lugo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local núm 10/628 adoptado na sesión celebrada o día 9-10-2019, o Tribunal cualificador constituído para os efectos acordou na sesión celebrada nesa mesma data, o 18-12-2019, a aprobación da Plantilla provisional para a corrección do exercicio, que a continuación se indica:

PLANTILLA PROVISIONAL

A presente plantilla indica as respostas correctas a cada un dos apartados do suposto práctico plantexado, sobre as cales se procederá á corrección dos exames realizados.

Trátase dun texto de referencia ao que se deben ceñir as respostas.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria "aproba será puntuada cun máximo de 5 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,5 puntos).

O Tribunal acorda efectuar valoracións que a continuación se indican:

TEXTO DO SUPOSTO PRÁCTICO

Preséntase nos Servizos Sociais do Concello de Lugo, Dna. Aurora Santamaría, divorciada, de orixe rumano, quen expón á Traballadora Social a seguinte situación: refire que o seu fillo Igor de 11 anos de idade, cursa 6º de primaria e ten problemas de relación cos seus compañeiros/as do colexio. Ela explica de xeito confuso que estes problemas preséntanse pola perda de amigos/as que continuamente sofre e que lle pegan e non é capaz de defenderse. Aurora pide axuda porque refire que non pode controlar ao seu fillo, porque "é igual que seu pai".

Antecedentes da familia: Aurora naceu en Rumanía hai 40 anos, a súa nai separouse cando tiña ela un ano de idade e medrou sen figura paterna, destacar tamén a falla de afecto que recibiu da súa nai, que nunca lle amosou cariño.

Aurora cázase, emigra co seu cónxuxe a Lugo, e montan unha frutería que fracasou ao pouco tempo, xa que segundo relata o seu marido foi incapaz de sacala adiante, debido á personalidade "perturbada" de el, motivo do divorcio.

Do matrimonio naceron 2 fillos, Igor de 11 anos e Alberto de 9 que é un neno que non ten problemas.

Na actualidade carecen de ingresos económicos, tendo dificultades para asumir os pagos da renda de aluguer e subministros.

Para a resolución deste suposto práctico, pídese desenvolver os seguintes pasos:

1. Identificar as situacións problemáticas
2. Establecer un diagnóstico social e un plan de traballo.

RESOLUCIÓN DO EXERCICIO

1. Identificación das situacións problemáticas: Cando menos se deberán consignar:

- Problema de relación de Igor cos seus compañeiros/s de clase.
- Falta de control de Aurora hacia o seu fillo.
- Mala relación de Aurora co pai dos seus fillos.
- Precariedade económica da unidade familiar.....

Resposta correcta: 1 punto





2. Diagnóstico correcto:

- Familia monoparental de 2 fillos menores de idade.
- O fillo maior presenta problemas de relación cos iguais e non acepta a autoridade da súa nai.
- A nai carece de autoridade co seu fillo, ten dificultades económicas procedentes da carencia de ingresos.....

Resposta correcta 1 punto

3. Plan de Intervención:

3.1 Obxectivos:

Obxectivos xerais:

- Garantir que a familia teña as necesidades básicas cubertas.
- Reducir as dificultades relacionais nai-fillo e fillo-compañeiros/as.
- Potenciar os recursos persoais de Aurora.

Obxectivos específicos:

- Facilitar a inserción laboral de Aurora. Orientación socio-laboral
- Axudar a Aurora a establecer normas e límites respecto a Igor.
- Traballar co menor os aspectos relacionados con normas e límites
- Facilitar o acceso da familia aos recursos económicos dos que pode ter dereito (tramitación de prestacións).....

3.2 Intervencións:

- Entrevista coa nai
- " con Igor
- " conxunta (nai-fillo)
- Visita a Domicilio
- Contacto co colexio (orientador/a , tutor/a, director/a) e Centro de Saúde.
- Derivación programa de Intervención Familiar
- Derivación ao Servizo Público de Emprego (orientación laboral)
- Derivación á xustiza gratuita para valorar e solicitar a prestación de alimentos que puidera corresponderlle.

3.3 Recursos:


- Técnicos: T.S. de la UTS, Educador social, profesionais do colexio, orientador/a laboral, servizo xurídico, profesionais dos centros de saúde.
- Humanos: a propia familia
- Institucionais: UTS, colexio, SEPE, servizo de xusticia gratuita, centro de saúde.
- Económicos: Risga, Ais, Axudas de emerxencia social municipal, Axudas de aluguer (Evislusa, IGVS...

3.4 Avaliación:

Evaluarase de xeito continuo comprobando tanto cuantitativamente como cualitativamente que os obxectivos que se marcaron vanse cumprindo:

Cualitativa:

- Mellora do comportamento de Igor.
- Disminución das pelexas cos seus compañeiros/as





Concello de Lugo

ESTADÍSTICA-CEMITERIO

ARH

Refª: Plantilla-2 exercicio

Asunto:

- Mellora dos ingresos económicos da familia.
- Maior control da nai sobre o fillo.

Quantitativa:

- Número de axudas económicas conseguidas
- Número de entrevistas cos diferentes profesionais (co T.S., Educador social, orientador laboral, profesionais do colexio, centro de saúde...)
- Frecuencia das peleas cos seus compañeiros.

Resposta correcta 3 puntos

Lugo, 18 de decembro de 2019

A SECRETARIA
Amparo Rubinos Hermida

